

PROPOSTA DE PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO VOCACIONAL A TRAVÉS DUN PROXECTO DE VIDA PARA ALUMOS DE 4º DA ESO

ÍNDICE:

1- INCLUYE+D -----	2
2- INTRODUCCIÓN -----	2
3- XUSTIFICACIÓN -----	3
4- OBXECTIVOS -----	4
a. Generales -----	4
b. Específicos -----	4
5- DESTINATARIOS -----	6
6- METODOLOXÍA -----	6
7- PROGRAMACIÓN, RECURSOS E TEMPORALIZACIÓN -----	8
8- AVALIACIÓN -----	9

1. INCLUYE+D:

O proxecto Incluye+d, que desenvolve COCEMFE en Galicia a través da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), pretende favorecer e mellorar a autonomía persoal e a aprendizaxe do alumnado que presenta necesidades educativas especiais derivadas da discapacidade.

As actividades que desenvolve, previo acordo con centros educativos, están relacionadas con cubrir ás necesidades educativas detectadas de alumnado con discapacidade.

A proposta do programa de desenvolvemento vocacional surxe para proporcionar ao alumnado ferramentas para tomar decisións fundamentadas sobre os futuros itinerarios que van a cursar, e transversalmente, como actividade de inclusión na aula.

2. INTRODUCCIÓN:

Durante a traxectoria escolar, existen momentos determinantes para o alumnado en canto á posibilidade de elección entre un gran abanico de materias e itinerarios académicos. Estes momentos son fundamentalmente 4º da ESO e 1º - 2º de Bacharelato. A elección que tome cada estudante condicionarán os estudos posteriores que realice e, en certo xeito, a súa vida profesional.

O proxecto Desenvolvemento Vocacional non xorde tanto para explicarlles aos alumnos o gran abanico de itinerarios; senón máis ben para proporcionarlles ferramentas que contribúan ao recoñecemento e identificación das súas **aptitudes, intereses, cualidades e toma de decisións**; que conectan coa área persoal, académica, elección de carreira e/ou a súa incorporación ao mundo laboral.

3. XUSTIFICACIÓN:

Os estudantes necesitan doutras persoas que os orienten e apoiem na elaboración do seu proxecto de vida, que se lles proporcione información tanto interna como externa a eles.

Os mozos de 4º da ESO atópanse nunha idade na que é ineludible a **tóma de decisións** cunha clara e decisiva repercusión para o seu futuro. En moitos casos, estes mozos nunca pasaron por situacións de decisións importantes.

Deben aprender a recoñecer os seus **intereses, aptitudes e áreas dominantes**; de maneira que conten con elementos para unha mellor elección vocacional.

Este proxecto xorde para favorecer espazos de traballo nos cales os estudantes se paren a reflexionar sobre quenes son, como toman as súas decisións, que queren chegar a ser e que teñen que facer para conseguilo. No caso de estudantes con discapacidade existe un elevado número de abandono

ligado fundamentalmente á desmotivación e a un pobre autoconceito de sí mesmos.

Partindo da realidade de que a adolescencia é unha etapa que está chea de conflitos, a importancia do traballo recae en identificar algúns dos factores que inflúen na construción do proxecto de vida de cada adolescente, e de establecer cales son as influencias máis representativas na concepción de futuro que cada un ten.

En síntese, o principal obxectivo sería brindar unha mellor orientación vocacional e axudar ao adolescente a coñecerse mellor e, transversalmente, mellorar a inclusión do alumnado con discapacidade na aula.

4. OBXECTIVOS:

a. Xerais:

- Favorecer o autoconocemento.
- Adestrar o alumnado/a no proceso de toma de decisións.
- Proporcionar ferramentas de automotivación.
- Promover o desenvolvemento vocacional.
- Sensibilizar ao alumnado sobre as persoas con discapacidade.

b. Específicos:

A. Favorecer o autoconocemento:

- a. Facilitar que o alumno/a coñeza as súas motivacións, intereses, aptitudes e valores.

- b. Favorecer os procesos de maduración persoal, e o desenvolvemento da propia identidade respecto ao futuro académico e profesional.
- c. Promover un autoconceito positivo a través do desenvolvemento da motivación e autoconfianza do alumno.

B. Adestrar o alumando no proceso de toma de decisións:

- a. Sensibilizar aos alumnos/as sobre a necesidade de reflexionar sobre o seu futuro inmediato académico e profesional.
- b. Facilitar a adquisición habilidades cognitivas necesarias para saber elixir.
- c. Facilitar ao alumno/a unha ferramenta para a tóma de decisións responsabel respecto o seu futuro académico e profesional.

C. Proporcionar ferramentas de automotivación:

- a. Enfatizar na importancia do esforzo fronte aos resultados.
- b. Debater sobre resultados obtidos con metas a longo prazo, fronte resultados obtidos con metas a curto prazo.

D. Promover o desenvolvemento vocacional:

- a. Promover a igualdade de oportunidades no que respecta a tóma de decisións académicas e profesionais do alumnado.
- b. Favorecer os procesos de maduración vocacional, e de orientación académica e profesional.
- c. Potenciar unha educación o máis personalizada posibel, que teña en conta as peculiaridades e necesidades de cada alumno.

E. Sensibilizar ao alumnado sobre as persoas con discapacidade.

5. DESTINATARIOS:

Adolescentes de 4º da ESO en adiante. O rango de idade está establecido en base a dous criterios. En primeiro lugar, a partir de 4º da ESO comezan a ter que realizar eleccións sobre o seu futuro. En segundo lugar, somos conscientes de que en Bacharelato, debido á carga de traballo do alumnado, resulta máis complicado realizar un programa tan extenso.

En calquera caso, o proxecto se impartirá en función das necesidades e dispoñibilidade do centro, adaptando tanto o número de horas de tutoría, como o grupo ao que vai dirixido.

É requisito que no curso no que se imparta o proxecto **haxa como mínimo unha persoa con calquera tipo de discapacidade**: física, sensorial, psíquica ou sensorial; xa que o obxectivo transversal do proxecto é fomentar a inclusión de persoas con discapacidade no aula.

6. METODOLOXÍA:

Empregarase unha metodoloxía de aprendizaxe experiencial levada a cabo a través de dinámicas que promovan o desenvolvemento dos obxectivos do proxecto. Os/as adolescentes cumprirán un rol activo no seu proceso de formación vocacional. Desde o nivel inicial, recoñeceráselles como persoas con intereses e capacidades propias.

O proxecto está formado por sete sesións. Gustaríanos impartir as sesións unha vez á semana durante a hora de tutoría. Serían sete sesións orientadas ao

proceso de desenvolvemento vocacional e unha orientada á sensibilización de persoas con discapacidade.

ORGANIZACIÓN SESIONES
7 Sesiones de desarrollo vocacional
1 Sesión de sensibilización discapacidade

Todas as sesións estarán estruturadas partindo do seguinte esquema:

- A. Presentación da sesión.
- B. Dinámica grupal.
- C. Reflexión e peche.

7. PROGRAMACIÓN, RECURSOS E TEMPORALIZACIÓN:

ACTIVIDAD	OBXETIVO	TEMPO	RECURSOS
1º sesión: Toma de decisión.	Presentar brevemente o proxecto. Reflexionar e practicar o proceso de toma de decisión.	40 min	Proxector Altavoces
2º sesión: Autoconocemento.	Tomar conciencia das cualidades persoáis e intereses.	40 min	Proxector Altavoces
3ª sesión: Intereses e aptitudes I.	Identificar habilidades y aptitudes .	40 min	Proxector Altavoces
4º sesión: Intereses e aptitudes II.	Relacionar habilidades con aptitudes .	40 min	Proxector Altavoces
5º sesión: Desenvolvemento vocacional.	Propiciar a auto-orientación a través de todo o traballado.	40 min	Proxector Altavoces
6º sesión: Recopilación	Elexir entre opcións educativas y/o laboráis que ofrece o contexto.	40 min	Proxector Altavoces
7º sesión: Módulo transversal de Discapacidade e peche	Sensibilizar sobre os diferentes tipos de discapacidade e dinámicas de concienciación. Peche, avaliación de resultados e peche.	40 min	Proxector Altavoces

O proxecto **non contén o gran abanico de itinerarios académicos e profesionáis que existen**; xa que se parte da premisa de que os alumnos xa teñen esta información. Sen embargo, se desde o centro detéctase esta necesidade, incluíriase na programación previo acordo.

Debido a que proxecto Incluye+d é subvencionado, aínda que esperamos que continúe, nun principio o proxecto dura ata decembro de 2017. Ata decembro, non sabemos se o proxecto subvencionase novamente. Por esta razón, é recomendable para asegurar a impartición do proxecto que se fixen a fechas no **primeiro trimestre**.

8. AVALIACIÓN:

Valorarase a funcionalidade e a eficacia do Proxecto a través dun cuestionario de satisfacción que se aplicará aos alumnos/as ao final do proceso. Así mesmo, durante o proceso os alumnos/as dispoñerán de total liberdade para propoñer áreas das que necesiten orientación e non están contempladas no proxecto. Estas medidas levaranse a cabo co fin de detectar aqueles aspectos e accións deseñadas que non sexan funcionáis ou non dean resultados óptimos na súa aplicación.